



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Psicoloxía da aprendizaxe en contextos educativos	Código	652G01007	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Psicoloxía Evolutiva e da Educación			
Coordinación	Porto Rioboo, Ana María	Correo electrónico	ana.prioboo@udc.es	
Profesorado	Porto Rioboo, Ana María Santorump Paz, María Rosa	Correo electrónico	ana.prioboo@udc.es rosa.santorump@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia xunto coa "Psicoloxía do desenvolvemento de 0 a 6" configuran o Módulo de Formación Básica do Título: Procesos educativos, aprendizaxe e desenvolvemento da personalidade de 0 a 6 anos (Orden ECI/3854/2007, do 27 de decembro).</p> <p>O núcleo de competencias básicas trata da comprensión dos procesos educativos e da aprendizaxe e dos determinantes persoais e relacionais e contextuais da aprendizaxe escolar.</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer, comprender e valorar o coñecemento científico aportado desde a psicoloxía da educación ao estudo dos procesos de cambio comportamental que se producen nos seres humanos como resultado da súa participación en situacións educativas.	A1		
Coñecer, comprender e reflexionar sobre as principais teorías, concepcións e tipos de aprendizaxe e as súas implicacións educativas e valorar a importancia de facer unha aprendizaxe constructiva, significativa e interactiva.	A1	B1	
Coñecer, comprender, identificar e reflexionar sobre algunhas das variábeis máis relevantes propias das situacións educativas escolares de natureza intrapersonal ou propias do alumnado, tanto do ámbito cognitivo como afectivo e a súa incidencia na aprendizaxe escolar.	A1 A5 A6	B1	
Coñecer, comprender, identificar e reflexionar sobre algunhas das variábeis máis relevantes propias das situacións educativas escolares de natureza relacional ou contextual e a súa incidencia na aprendizaxe escolar.	A1 A5 A6	B1	
Planificar e realizar tarefas de forma crítica e creativa, como froito dun pensamento diverxente.		B1 B5 B24	C6 C7
Manexar ferramentas informáticas e utilizar distintos recursos da rede para a procura de información.		B1 B5 B11	C6
Elaborar informes de forma sistemática e planificada a partir de datos obtidos da aplicación de cuestionarios u observación.	A1	B1 B5	C6 C7
Entender o carácter interactivo do proceso de ensino/aprendizaxe nas situacións educativas, e en consecuencia valorar a asistencia á clase como o contexto en que se materializará o mesmo.	A1	B1	C6 C7
Valorar a participación, o diálogo e o debate, cunha actitude de respecto, tanto cara ás quendas como ás ideas, como formas de implicación activa e compromiso coa aprendizaxe.	A5	B5 B24	C7



Sensibilizarse, comprometerse activamente, responsabilizarse e avaliar o propio proceso de aprendizaxe, desenvolvendo hábitos de traballo, esforzo, responsabilidade e actitudes de curiosidade, rigor científico e interese pola aprendizaxe e o traballo ben feito.	A6	B1	C7
Desenvolver técnicas e actitudes favorábeis á cooperación, coparticipación, compromiso e intercambio con outras compañeiras e compañeiros e desenvolver formas de conversación e pensamento exploratorias que favorezan a comprensión e construción do coñecemento.	A6	B1 B5 B24	C6 C7
Recoñecer e valorar as diferenzas individuais rexeitando a discriminación baseada en diferenzas de sexo, clase social, crenzas, raza e outras características individuais e sociais. Aceptar e valorar a diversidade		B24	

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1: O PROCESO DE ENSINO/APRENDIZAXE DESDE A PSICOLOXÍA DA EDUCACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. A transformación da educación en desenvolvemento 2. O estudo da aprendizaxe a través da Psicoloxía da Educación <ol style="list-style-type: none"> 2.1. O obxecto de estudo da P.E. 2.2. Os contidos da P.E. 3. A sistematización dos procesos de ensino/aprendizaxe escolar <p>Actividades prácticas</p>
TEMA 2: A APRENDIZAXE ESCOLAR NA PSICOLOXÍA DA EDUCACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. Introducción 2. Principais enfoques psicolóxicos da aprendizaxe <ol style="list-style-type: none"> 2.1. Enfoque condutista 2.2. Enfoque cognitivo 3. Categorías/tipos de aprendizaxe escolar 4. Trazos relevantes da aprendizaxe escolar 5. Os procesos de aprendizaxe <p>Actividades prácticas</p>
TEMA 3: MOTIVACIÓN PARA A APRENDIZAXE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Introducción 2. Que é a motivación escolar e de que depende? 3. O compoñente de valor da motivación: as metas académicas <ol style="list-style-type: none"> 3.1. Metas de aprendizaxe e metas de execución 3.2. O sistema educativo e a formación de metas 4. Os compoñentes de expectativa e afectivo-emocional da motivación <ol style="list-style-type: none"> 4.1. As atribucións causais <ol style="list-style-type: none"> 4.1.1. As dimensións da causalidade 4.1.2. Consecuencias cognitivas (expectativas) e afectivas das atribucións de causalidade 4.1.3. Estilos atribucionais e motivación 4.2. O autoconceito como variábel motivacional <ol style="list-style-type: none"> 4.2.1. Teoría de autovalía <p>Actividades prácticas</p>



TEMA 4: COMPETENCIAS SOCIO-EMOCIONAIS	<ol style="list-style-type: none"> 1. Introducción 2. Intelixencia emocional <ol style="list-style-type: none"> 2.1. A importancia de desenvolver a intelixencia emocional 2.2. Habilidades emocionais 3. Competencias socio-emocionais 4. A práctica da educación emocional na educación infantil <p>Actividades prácticas</p>
TEMA 5: FACTORES INTERPERSOAIS E CONTEXTUAIS QUE AFECTAN Á APRENDIZAXE ESCOLAR	<ol style="list-style-type: none"> 1. Introducción 2. A interacción profesorado-alumnado <ol style="list-style-type: none"> 2.1. Representacións mutuas 2.2. Efectos das expectativas na educación 3. Interacción entre o alumnado <ol style="list-style-type: none"> 3.1. Introducción 3.2. Preferencia e popularidade entre iguais 3.3. Nivel de participación do alumnado <ol style="list-style-type: none"> 3.3.1. Aprendizaxe cooperativa 3.3.2. Tutoría entre iguais 3.3.3. Colaboración entre iguais 3.4. A construción do coñecemento na interacción entre o alumnado <ol style="list-style-type: none"> 3.4.1. Mecanismos interpsicolóxicos 3.4.2. Factores moduladores <p>Actividades prácticas</p>

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	17	0	17
Traballos tutelados	6	40	46
Aprendizaxe colaborativa	10	30	40
Análise de fontes documentais	1	5	6
Proba de ensaio	2	15	17
Portafolios do alumno	5	19	24
Atención personalizada	0		0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas ao alumnado, coa finalidade de presentar os coñecementos de cada tema e facilitar a súa aprendizaxe.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do alumnado baixo a tutela da profesora en escenarios diferentes ao da aula.



Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas relativas a cada tema asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, artigos etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos.
Proba de ensaio	Proba na que se busca responder por escrito a preguntas de certa amplitude valorando que se proporcione a resposta esperada combinada coa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.). Utilízase para a avaliación sumativa. Permite medir as habilidades de síntese, de comparación, de redacción do alumnado, polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos teórico-prácticos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.
Portafolios do alumno	É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado de forma colaborativa nun período de tempo. O portafolios ou carpeta inclúe todas as actividades prácticas relativas a cada tema.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno Traballos tutelados Aprendizaxe colaborativa Análise de fontes documentais	A atención personalizada realizarase tanto no escenario da aula como en titorías. Consistirá en guiar e tutelar o proceso da aprendizaxe dos grupos de traballo nas distintas actividades de tipo teórico práctico. Todo isto farase coa finalidade de facilitar que o alumnado comprenda significativamente a información, a integre na súa estrutura de coñecementos e se implique activamente.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	É unha carpeta ou arquivador de cada grupo de traballo, ordenado por temas, que contén as actividades prácticas de aprendizaxe realizadas polo alumnado da materia. Este portafolios que integra as metodoloxías de aprendizaxe cooperativo, traballos tutelados, estudo de casos e análise de fontes documentais será o material que se contemple na avaliación. O traballo ou actividades prácticas de cada un dos temas serán subidos á plataforma virtual Moodle da UDC.	40
Traballos tutelados	Trátase de estudar algunhas das variábeis ou factores da aprendizaxe escolar e elaborar informes/artigos en base a busca e análise de documentación científica e datos. Estes traballos faranse en grupos non superiores a catro persoas.	0
Aprendizaxe colaborativa	Traballo en grupos de catro persoas que consiste na realización de actividades a facer na aula e fóra dela para cada un dos temas. Estas actividades colaborativas serán basicamente de orientación-execución ou demostración-práctica.	0
Análise de fontes documentais	Busca de fontes documentais para descubrir os contidos propios e específicos da disciplina e o currículo da educación infantil.	0
Proba de ensaio	Proba de carácter individual para verificar o grao de adquisición das competencias do "saber" e "saber facer".	60

Observacións avaliación



1ª CONVOCATORIA. Dependendo

da asistencia continuada ou non as clases, hai dúas modalidades de seguir a materia de 'Psicoloxía da Aprendizaxe en Contextos Educativos' que determinan dous modos diferentes de avaliación: Modalidade A: Avaliación

Continua e Modalidade B de Avaliación Final

? Modalidade A:

Avaliación Continua. Nesta modalidade levarase a cabo unha avaliación de tipo procesual consistente na realización dunha serie de actividades e prácticas de cada tema realizadas en grupo co seguimento periódico das mesmas. Por tanto será obrigatoria a asistencia ás clases (como mínimo o 85% das horas presenciais, é dicir, só se poderá faltar un máximo de 4 módulos no cuadrimestre, en caso contrario deberase optar pola modalidade B), sendo imprescindible ademais a participación activa e continuada por parte do alumnado no grupo de traballo na aula (no caso de non ser así contabilizarase como unha ausencia).

Esta avaliación

levarase a cabo a partir:

a/ Da exposición oral e presentación escrita das actividades prácticas grupais de cada un dos temas que suporán un máximo dun 40% da cualificación

b/

A proba de ensaio individual sobre os contidos teórico-prácticos da materia. Isto representa como máximo un 60% da cualificación.

Para

superar satisfactoriamente a materia será necesario realizar todas as

actividades prácticas propostas para cada tema e a proba mixta individual, acadando en cada unha das partes un 50% da cualificación e participar no

traballo non presencial como mínimo nun 85% das horas traballadas.

A cualificación final será a suma das puntuacións obtidas

en cada un dos elementos da avaliación segundo o seu peso respectivo. No

caso de non superar algunha das partes obrigatorias, a nota final será a nota da parte non superada.

? Modalidade B:

Avaliación Final. Para aquel alumnado que non asista ao 85% das horas

presenciais, a nota final virá determinada por unha proba final escrita

dos contidos teórico-prácticos da materia. A data para esta proba será a

fixada polo Centro.

OUTRAS CONVOCATORIAS Nas restantes convocatorias seguirase a Modalidade B anterior, isto é proba escrita dos contidos teórico-prácticos da materia do curso académico correspondente.

Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías